



## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**PD\_2016\_17\_FQ**

**DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

**CURSO 2016-17**



## Tabla de contido

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.</b>	<b>7</b>
<b>2. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.</b>	<b>9</b>
<b>3. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS EN MATERIAS DO BACHARELATO.</b>	<b>10</b>
<b>FQ_1BAC. Procedemento de acreditación.</b>	<b>10</b>
<b>4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.</b>	<b>11</b>
<b>5. AVALIACIÓN INICIAL.</b>	<b>11</b>
<b>FQ_2ESO. Avaliación inicial.</b>	<b>12</b>
<b>FQ_3ESO. Avaliación inicial.</b>	<b>14</b>
<b>FQ_4ESO. Avaliación inicial.</b>	<b>17</b>
<b>FQ_1BAC. Avaliación inicial.</b>	<b>19</b>
<b>FIS_2BAC. Avaliación inicial.</b>	<b>23</b>
<b>QUI_2BAC. Avaliación inicial.</b>	<b>24</b>
<b>6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.</b>	<b>25</b>
<b>7. SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.</b>	<b>26</b>
<b>FQ_3ESO PENDENTES. Modificación nos procedementos e instrumentos de avaliación.</b>	<b>26</b>
<b>FQ_3ESO PENDENTES. Criterios de cualificación.</b>	<b>26</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	26
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	27
Cualificación global da materia.	27
Grao de adquisición global das competencias clave.	27
<b>FQ_3ESO PENDENTES. Grao de adquisición mínimo dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.</b>	<b>27</b>
<b>FQ_3ESO PENDENTES. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>27</b>
<b>FQ_1BAC PENDENTES.</b>	<b>27</b>
<b>FQ_1BAC PENDENTES. Procedementos e instrumentos de avaliación.</b>	<b>27</b>
<b>FQ_1BAC PENDENTES. Criterios de cualificación.</b>	<b>28</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	28



Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	28
Cualificación global da materia.	28
Grao de adquisición global das competencias clave.	29
<b>FQ_1BAC PENDENTES. Grao de adquisición mínimo dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.</b>	<b>29</b>
<b>FQ_1BAC PENDENTES. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>29</b>
<b>8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.</b>	<b>29</b>
<b>9. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.</b>	<b>30</b>
<b>10. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.</b>	<b>30</b>
<b>11. TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.</b>	<b>31</b>
<b>12. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.</b>	<b>31</b>
<b>13. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.</b>	<b>31</b>
<b>14. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS.</b>	<b>32</b>
<b>14.1. FÍSICA E QUÍMICA 2º E.S.O.</b>	<b>32</b>
<b>FQ_2ESO. Perfís competenciais.</b>	<b>32</b>
<b>FQ_2ESO. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>34</b>
<b>FQ_2ESO. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>37</b>
<b>FQ_2ESO. Unidades didácticas.</b>	<b>38</b>
<b>FQ_2ESO. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>62</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	62
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	62
Cualificación global da materia.	62
Grao de adquisición global das competencias clave.	62
<b>FQ_2ESO. Concreción dos elementos transversais.</b>	<b>62</b>
<b>FQ_2ESO. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>63</b>
<b>14.2. FÍSICA E QUÍMICA 3º E.S.O.</b>	<b>63</b>
<b>FQ_3ESO. Perfís competenciais.</b>	<b>63</b>
<b>FQ_3ESO. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>65</b>
<b>FQ_3ESO. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>69</b>
<b>FQ_3ESO. Unidades didácticas.</b>	<b>70</b>



<b>FQ_3ESO. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>86</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	86
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	86
Cualificación global da materia.	87
Grao de adquisición global das competencias clave.	87
<b>FQ_3ESO. Concreción dos elementos transversais.</b>	<b>87</b>
<b>FQ_3ESO. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>87</b>
<b>14.3. FÍSICA E QUÍMICA 4º E.S.O.</b>	<b>88</b>
<b>FQ_4ESO. Perfís competenciais.</b>	<b>88</b>
<b>FQ_4ESO. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>91</b>
<b>FQ_4ESO. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>96</b>
<b>FQ_4ESO. Unidades didácticas.</b>	<b>96</b>
<b>FQ_4ESO. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>135</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	135
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	136
Cualificación global da materia.	136
Grao de adquisición global das competencias clave.	136
<b>FQ_4ESO. Concreción dos elementos transversais.</b>	<b>136</b>
<b>FQ_4ESO. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>137</b>
<b>14.4. CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL 4º E.S.O.</b>	<b>137</b>
<b>CAAP_4ºESO. Avaliación inicial.</b>	<b>137</b>
<b>CAAP_4ºESO. Perfís competenciais.</b>	<b>139</b>
<b>CAAP_4ESO. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>142</b>
<b>CAAP_4ESO. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>146</b>
<b>CAAP_4ESO. Unidades didácticas.</b>	<b>146</b>
<b>CAAP_4ESO. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>162</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	162
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	163
Cualificación global da materia.	163
Grao de adquisición global das competencias clave.	163
<b>CAAP_4ESO. Concreción dos elementos transversais.</b>	<b>163</b>
<b>CAAP_4ESO. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>164</b>



<b>14.5. FÍSICA E QUÍMICA 1º BACH.</b>	<b>164</b>
<b>FQ_1BAC. Perfís competenciais.</b>	<b>164</b>
<b>FQ_1BAC. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>166</b>
<b>FQ_1BAC. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>172</b>
<b>FQ_1BAC. Unidades didácticas.</b>	<b>172</b>
<b>FQ_1BAC. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>202</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	202
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	202
Cualificación global da materia.	202
Grao de adquisición global das competencias clave.	203
<b>FQ_1BAC. Concreción dos elementos transversais.</b>	<b>203</b>
<b>FQ_1BAC. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>203</b>
<b>14.6. FÍSICA 2º BACH.</b>	<b>204</b>
<b>FIS_2BAC. Perfís competenciais.</b>	<b>204</b>
<b>FIS_2BAC. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>206</b>
<b>FIS_2BAC. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>213</b>
<b>FIS_2BAC. Unidades didácticas.</b>	<b>214</b>
<b>FIS_2BAC. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>228</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	228
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	228
Cualificación global da materia.	228
Grao de adquisición global das competencias clave.	228
<b>FIS_2BAC. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>228</b>
<b>10.7. QUÍMICA 2º BACH.</b>	<b>229</b>
<b>QUI_2BAC. Perfís competenciais.</b>	<b>229</b>
<b>QUI_2BAC. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.</b>	<b>230</b>
<b>QUI_2BAC. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.</b>	<b>235</b>
<b>QUI_2BAC. Unidades didácticas.</b>	<b>236</b>
<b>QUI_2BAC. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</b>	<b>237</b>
Cualificación de cada Unidade Didáctica.	237
Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.	237
Cualificación global da materia.	237
Grao de adquisición global das competencias clave.	237



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. ARCEBISPO XELMIREZ II**

Irmandiños 15, 15704 Santiago de Compostela

☎ 981561435 981561835 ☎ 981557065

✉ [ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es](mailto:ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesarcebispoxelmirez2/>



**QUI\_2BAC. Materiais e recursos didácticos.**

**237**



## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación didáctica realízase no departamento de física e química do I.E.S. Arcebispo Xelmírez II para o curso 2016-17. É ano académico todas as materias de todos os niveis deben xa desenvolverse segundo o establecido no Decreto 86/2015 do 25 de xuño no marco da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

Este centro atópase na zona norte da cidade de Santiago de Compostela, e cumpre este curso trinta e un anos de antigüidade. O perfil do seu alumnado é de extracción urbana periférica, dada a ubicación do mesmo, ou semirrural, xa que a maioría da zona educativa do centro, atendendo á súa extensión, corresponde ás zonas semirrais e rurais do norte do Concello. O seu nivel socioeconómico é medio ou medio-baixo.

A falta de datos definitivos, este ano cursarán estudos un número de alumnos e alumnas semellante ao do curso anterior; arredor de 400 en total: uns 230 de E.S.O. (65 en 1º, 65 en 2º, 50 en 3º e 50 en 4º) e uns 170 de bacharelato (90 en 1º curso e 80 en 2º). Estas cantidades son provisionais, recóllense cando non está pechado o proceso de matrícula tralas avaliacións extraordinarias, e de todos modos o centro recibe habitualmente alumnado unha vez pechado o prazo de matrícula.

Como novidade, este ano é o primeiro no que se impartirá a materia de física e química como tal no nivel de 2º de ESO; anteriormente, o currículo correspondente a ela integrábase na área de ciencias naturais, que tradicionalmente era impartida por profesorado dese departamento. Por tanto, esta situación supón un cambio considerable. En 3º de E.S.O. todos cursan física e química como materia troncal; uns 20 farano na sección bilingüe en inglés existente neste nivel. En 4º de E.S.O. son inicialmente 18 os que cursan esta materia, aínda que este curso non se poderá desenvolver a sección bilingüe en inglés neste nivel por falta de demanda. En 1º de bacharelato hai uns 55 alumnos e alumnas matriculados en física e química (un considerable incremento respecto ao curso precedente), e aproximadamente unha ducia deles cursan a sección bilingüe. En 2º de bacharelato, finalmente, hai unhas 20 persoas matriculadas en física e 35 en química. En canto ao número de grupos, o centro ten 3 unidades tanto en 1º como en 2º de ESO, 2 en 3º e 4º de E.S.O. e tres unidades en cada curso de bacharelato. En 3º de ESO a elevada demanda da sección bilingüe permitiu este curso distribuír este alumnado entre os dous grupos, o cal é o preferible desde o punto de vista do centro, xa que evita introducir un sesgo que pode aparecer se o alumnado que opta pola sección bilingüe ten un perfil académico diferente ao que non o fai e hai que centralo nun só grupo (outros anos non foi posible repartir o alumnado da sección bilingüe entre os dous grupos debido ás eleccións de materias que condicionan a organización dos mesmos); á hora de impartición desta materia, aproximadamente a metade do alumnado será atendido por un profesor na sección bilingüe e o resto por outro profesor na materia impartida integramente en castelán. En 4º de ESO todo o alumnado está ubicado no mesmo grupo. En 1º de bacharelato, parte do alumnado está no grupo A (integramente de ciencias) e o resto no grupo B, que é un grupo mixto de bacharelato científico e de humanidades e ciencias sociais; ademais, un deses grupos desdóbrase para desenvolver a sección bilingüe, actuando nesas horas lectivas dous profesores do departamento simultaneamente; finalmente, en 2º de bacharelato o alumnado de física está ubicado no grupo B, xunto cun pequeno grupo de alumnado de ciencias sociais e humanidades.

En canto aos centros de procedencia do alumnado cando chega ao noso centro, en E.S.O. proceden fundamentalmente dos C.E.I.P. de prácticas López Ferreiro, de Vite I, Arquitecto Casas Novoa de A Sionlla e Apóstolo Santiago, todos eles centros adscritos, así como do C.E.I.P. Monte dos Postes; en bacharelato, proceden do propio centro e do I.E.S. de Oroso, e en menor medida do C.P.I. Viaño Pequeno de Trazo e doutros centros, como algúns centros concertados da cidade. As diferentes procedencias son especialmente relevantes para este departamento no 1º curso de bacharelato, xa que poden dar lugar a diferenzas no nivel de coñecementos previos por parte do alumnado. Este aspecto será investigado na avaliación inicial. Tamén hai unha pequena proporción de alumnado inmigrante, case todo en E.S.O., e un pequeno colectivo de etnia xitana que rara vez acada niveis superiores ao 2º curso de E.S.O.

É frecuente a presenza nos diferentes niveis e grupos de alumnado con necesidades educativas especiais, ou cando menos características particulares que poden condicionar algúns aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe no seu caso, aspecto que foi analizado en múltiples ocasións en numerosos documentos do centro; as casuísticas máis habituais son, non necesariamente por orde de incidencia:



- alumnado repetidor.
- alumnado con certo desfase curricular, ás veces notable.
- alumnado que non cursou no anterior nivel a materia de física e química (por exemplo, alumnado de 1º de bacharelato que non a cursou en 4º de ESO).
- alumnado con dificultades de comprensión lectora ou expresión escrita.
- alumnado que promocionou ao curso seguinte sen acadar os correspondentes obxectivos, por ter xa repetido.
- alumnado que cursa a materia de física e química dun nivel e ten como materia pendente a física e química dalgún curso anterior.

Será preciso analizar con detalle as características concretas do alumnado integrante dos grupos para prever e adiantar posibles necesidades, así como detectar outras a través da avaliación inicial e do propio desenvolvemento do curso, e prever nesta programación medidas encamiñadas á atención deste alumnado.

As materias adscritas a este departamento para o curso 2016-17 son as que se indican a continuación:

- Física e química de 2º de ESO: 3 agrupamentos (9 horas lectivas).
- Ámbito científico do Programa de Mellora da Aprendizaxe, 2º ESO: 1 agrupamento (8 horas lectivas).
- Física e química de 3º de ESO: 2 agrupamentos, incluída unha sección bilingüe en inglés (4 horas lectivas).
- Física e química de 4º de ESO: 1 agrupamento (3 horas lectivas).
- Ciencias aplicadas á actividade profesional de 4º de ESO: 1 agrupamento (3 horas lectivas).
- Física e química de 1º de bacharelato: 3 agrupamentos, incluída unha sección bilingüe en inglés (12 horas lectivas).
- Física de 2º de bacharelato: 1 agrupamento (4 horas lectivas).
- Química de 2º de bacharelato: 2 agrupamentos (8 horas lectivas).
- Ademais, un profesor do departamento é o secretario do centro, polo que debe computárselle a correspondente redución horaria, outro ten asignada unha titoría dun grupo de 2º de ESO (que supón 1 hora lectiva presencial semanal a maiores) e outra completará o seu horario con tres grupos de Tecnoloxía de 2º de ESO (9 horas lectivas semanais en total).

A carga horaria total directa co alumnado asignada ao departamento é polo tanto de 61 horas lectivas, ás que deben sumarse as reducións polos cargos do secretario e do xefe de departamento, e as horas de coordinación correspondentes ás seccións bilingües. Por este motivo, o departamento está integrado este curso por catro profesores:

- D. José Luis Martín Iglesias, xefe do departamento, con destino definitivo no centro, que terá ao seu cargo os agrupamentos das seccións bilingües de 3º de ESO e 1º de bacharelato, un grupo de 4º ESO-FQ, outro agrupamento non bilingüe de 1º de bacharelato e o grupo de física de 2º de bacharelato, cun total de 17 horas lectivas semanais directas de docencia co alumnado.
- D. Francisco Serrallé Marzoa, catedrático do departamento e secretario do centro, que ten destino definitivo no mesmo e impartirá os dous agrupamentos de química de 2º de bacharelato (8 horas de docencia directa).
- D. Iago Rodríguez-Doforno Paz, profesor en prácticas no centro para este curso, que impartirá os tres grupos de FQ-2º ESO, un grupo de Ciencias Aplicadas á Act. Prof. de 4º ESO e un de 1º de bacharelato, así como unha titoría presencial de 2º ESO, cun total de 17 horas lectivas.
- Dña. Raquel Veira Díaz, profesora en prácticas no centro para este curso, que impartirá o ámbito científico do programa de mellora da aprendizaxe de 2º ESO, un grupo de 3º de FQ-ESO, 10 horas lectivas que completa con tres grupos de tecnoloxía de 2º ESO (9 horas) ata 19 horas en total.





A redacción desta programación didáctica responde á necesidade de dotar dun marco adaptado ao contexto do centro para desenvolver os currículos correspondentes ás ensinanzas das materias antes indicadas para este curso académico, de xeito que o documento sirva de guía e referencia para o profesorado encargado das mesmas, coa necesaria adecuación ás disposicións legais mais dun xeito necesariamente coherente e coordinado entre todo o profesorado do departamento, en especial no relativo aos diferentes grupos do mesmo nivel.

De xeito moi sintético, para o presente curso enunciámos os seguintes obxectivos fundamentais:

1. Adaptar a programación didáctica do departamento e o proceso de ensinanza aprendizaxe ao currículo establecido polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, en particular naqueles cursos nos que é aplicable por primeira vez.
2. Deseñar instrumentos e procedementos de avaliación da práctica docente e da programación didáctica que resulten útiles, e empregalos para poder analizar a súa validez e, se é o caso, modificalos.

## 2. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Desde un punto de vista xenérico, sen prexuízo de concrecións máis precisas que se indiquen na contextualización do currículo de cada unha das materias, o proxecto do departamento, así como cada unha das unidades didácticas, de ser o caso, e as correspondentes programacións de aula que o desenvolvan, baséanse nuns principios de intervención educativa que sintetizamos e concretamos do seguinte xeito:

- Pártese do nivel de desenvolvemento de cada alumno e alumna nos seus distintos aspectos para construír a partir de aí novas aprendizaxes.
- Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e das competencias clave.
- Priorízase o desenvolvemento de actividades deseñadas cos estándares de aprendizaxe avaliábeis como punto de partida.
- Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan gradualmente capaces de aprender de forma autónoma.

Pensamos que é preciso continuar co esforzo comezado o pasado curso para a renovación ou reformulación da metodoloxía co gallo da renovación do currículo; isto conleva modificacións substanciais nos tipos de actividades propostas ao alumnado e no proceso de avaliación, xa que a nova estrutura e organización do currículo favorece esta renovación, o que permitiría fomentar a participación activa do alumnado e a súa implicación no propio proceso de ensino-aprendizaxe, así como poñer a adquisición das competencias clave no centro das accións que se levan a cabo. O novo desenvolvemento curricular conleva en todos os niveis do ensino secundario potenciar o desenvolvemento das competencias clave, presentándose a oportunidade de enfatizar o seu papel poñéndoo no centro do deseño do proceso de ensinanza, o que leva necesariamente a abordar os contidos doutro xeito, a formular novos tipos de actividades e a reformular os procedementos e instrumentos de avaliación de forma que se poida medir obxectiva e eficazmente a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

Potenciaranse por tanto as aprendizaxes contextualizadas e o emprego das TIC, non só no deseño de materiais e actividades por parte do profesorado, senón tamén como fonte de información, así como instrumento ou contexto para a realización de actividades e tarefas por parte do alumnado, incluídos a elaboración e defensa de traballos de investigación.



Os criterios de cualificación deben tamén necesariamente verse afectados por este reenfoque, de xeito que debemos darlle o peso que le corresponde aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que potencian os aspectos máis prácticos, así como a adquisición das competencias clave.

### 3. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS EN MATERIAS DO BACHARELATO.

#### ***FQ\_1BAC. Procedemento de acreditación.***

Para o alumnado de 2º curso de bacharelato que se atopase na situación, prevista na LOMCE e na lexislación que a desenvolve, de cursar Física (2º de bacharelato) ou Química (2º de bacharelato) sen ter cursado previamente a Física e Química de 1º de bacharelato, que ten carácter de materia previa para aquelas, corresponde establecer un procedemento específico de acreditación de coñecementos para esta última materia en base ao currículo establecido polo Decreto 86/2015.

O procedemento establécese do seguinte xeito:

#### **Alumnado matriculado no prazo ordinario ou extraordinario:**

- Ante a solicitude expresa, presentada por escrito ante a dirección do centro, para acollerse ao procedemento de acreditación, realizarase unha proba escrita específica para tal fin durante o primeiro mes do curso. Esta proba versará sobre os contidos de Física e Química de 1º de bacharelato e a súa formulación basearase naqueles estándares de aprendizaxe avaliábeis que o departamento considere centrais ou máis importantes, dada a imposibilidade de avaliar todos e cada un dos 92 estándares nunha proba deste tipo.
- O alumnado disporá de dúas horas como máximo para a realización da proba. Esta proba realizarase en horario extraescolar, para non interferir co desenvolvemento das clases das materias que cursa o alumnado, agás que as circunstancias persoais ou familiares do alumnado o desaconsellen.
- Os estándares de aprendizaxe avaliábeis irán ligados, segundo o perfil competencial da materia, ás correspondentes competencias clave, e valorarán a adquisición das mesmas segundo unha porcentaxe que se especificará no enunciado da proba.
- O grao de adquisición global das competencias clave establecerase calculando a media ponderada do grao de adquisición de cada unha delas, obtido do xeito especificado no punto anterior, sendo os pesos de ponderación os seguintes: 40% do grao de adquisición da competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía, o 15% de cada unha das competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender e competencia dixital, e o 5% do grao de adquisición de cada unha das competencias social e cidadá, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais
- Para a superación do procedemento, o alumnado deberá acadar o nivel mínimo de adquisición en alomenos o 75% dos estándares de aprendizaxe presentes no deseño da proba, e conquistar ademais alomenos un 50% no grao de adquisición global das competencias.

#### **Alumnado de incorporación tardía ao centro:**

- O procedemento será o mesmo que o contemplado no apartado anterior, coa salvedade de que a proba será realizada no prazo máximo dun mes, contado a partir da matrícula efectiva do alumnado no centro, sempre e cando isto sexa posible (as incorporacións excesivamente tardías poden conlevar a inaplicabilidade do procedemento por non contar co tempo suficiente antes do remate do curso de 2º de bacharelato, segundo o calendario que establece a CIUG).
- O departamento recoñecerá o procedemento de acreditación de coñecementos que o alumno poida ter realizado no centro da comunidade autónoma de Galicia de procedencia, tralo visto e prace da dirección do centro e da inspección educativa.
- Para o alumnado procedente doutras comunidades autónomas e que acredite a superación dun procedemento semellante no centro de orixe, consultarase coa inspección educativa para garantir a plena correspondencia dos currículos respectivos.



Para aquel alumnado que non opte pola acreditación de coñecementos segundo o procedemento anterior, ou ben que non o supere, a Física e Química de 1º de bacharelato terá a consideración de materia pendente, e corresponderalle realizar o plan de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes establecido nun punto posterior.

## 4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Para este ano académico, o departamento propón, para cada un dos niveis e grupos, as actividades enumeradas na seguinte táboa.

Táboa 1. ACE do departamento de Física e Química para o curso 2016-17							
Actividade	Curso	Grupos	Comp.	Ext.	Data	Custe	Observac.
Visita á Casa das Ciencias de A Coruña	2º ESO	A, B, C		X	2º trimestre	5€ (Transporte)	Todo o alumnado de 2º ESO
Visita á Casa das Ciencias de A Coruña	3º ESO	A, B		X	2º trimestre	5€ (Transporte)	Todo o alumnado de 3º ESO
Visita ao Observatorio Astronómico da USC	4º ESO	A		X	Finais do 1º trimestre	4€ (Transporte)	Só o alumnado de FQ
Participación en LocosXCiencia Fundación Telefónica	2º, 3º, 4º ESO	Al. Seleccion.		X	Pendente	4€ (Transporte)	Alumnado previamente seleccionado
Visita didáctica á Facultade de Física da USC, incluída a visualización ou realización dalgunha experiencia de laboratorio.	1º BAC	A, B		X	2º trimestre	4€ (Transporte)	Só para o alumnado de Física e Química
Asistencia á Masterclass Internacional en Física de Partículas na Facultade de Física da USC	2º BAC	B		X	Principios do 3º trimestre	4€ (Transporte)	Só para o alumnado de Física
Visita ao CIQUS (Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares) da USC	2º BAC	A, B		X	2º trimestre	4€ (Transporte)	Só para o alumnado de Química
Obradoiro básico de manexo de telescopios e observación do ceo	2º BAC	B		X	Por determinar	4€ (Transporte)	Só para o alumnado de Física

## 5. AVALIACIÓN INICIAL.

Unha vez tomado contacto cos grupos e recabados os datos necesarios, realizarase unha avaliación inicial diferenciada para cada nivel, cos seguintes obxectivos fundamentais:

- Cuantificar o nivel de coñecementos previos do alumnado.
- Detectar as necesidades do alumnado naqueles aspectos nos que non acaden os niveis mínimos necesarios para o seguimento do currículo correspondente, ou dalgún aspecto do mesmo, e tomar as decisións procedentes.



## FQ\_2ESO. Avaliación inicial.

O alumnado deste nivel cursa a materia por primeira vez na etapa. Dado o carácter fenomenolóxico e introdutorio que o currículo da materia ten para este nivel, non parece preciso avaliar a posible carencia de coñecementos específicos. Tampouco no currículo de bioloxía e xeoloxía de 1º ESO observamos a presenza de ningún elemento de relevancia suficiente para a materia de física e química no sentido de dificultar gravemente o seu seguimento para o alumnado con carencias no mesmo. É por iso que a avaliación inicial para este nivel centrase nalgún aspecto de carácter “transversal”, relacionado coa selección, interpretación e transmisión de información, a expresión escrita e a comprensión lectora, así como naqueles aspectos do currículo de matemáticas que se consideren imprescindibles.

Deseñaremos por tanto unha avaliación inicial baseada nos estándares de aprendizaxe que se enumeran a continuación en táboas, aínda que non necesariamente todos aparecerán explicitamente na mesma, dado que son un número bastante elevado:

**Táboa 2. Estándares de aprendizaxe fundamentais de Bioloxía e Xeoloxía 1º de ESO para avaliación inicial en 2º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	
▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	▪ CCL CMCCT
▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	▪ CD CAA
▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	▪ CD CCL
▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	▪ CAA CCL

**Táboa 3. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas 1º de ESO para avaliación inicial en 2º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas	
▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	▪ CCL CMCCT
▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	▪ CMCCT
▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	▪ CMCCT
▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	▪ CMCCT
Bloque 2. Números e álgebra	



Táboa 3. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas 1º de ESO para avaliación inicial en 2º ESO.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	▪ CMCCT
▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	▪ CMCCT
▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	▪ CMCCT
▪ MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplica problemas contextualizados.	▪ CMCCT
▪ MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	▪ CMCCT
▪ MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.	▪ CMCCT
▪ MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	▪ CMCCT
▪ MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás.	▪ CMCCT
▪ MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.	▪ CMCCT
▪ MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta.	▪ CMCCT
▪ MAB2.7.2. Formula alxebicamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido.	▪ CMCCT
▪ MAB3.2.1. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas.	▪ CMCCT
▪ MAB3.2.2. Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaa para resolver problemas xeométricos.	▪ CMCCT
Bloque 4. Funcións	
▪ MAB4.1.1. Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.	▪ CMCCT
▪ MAB4.2.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.	▪ CMCCT
▪ MAB4.4.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.	▪ CMCCT
▪ MAB4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.	▪ CMCCT
▪ MAB4.4.3. Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.	▪ CMCCT



## FQ\_3ESO. Avaliación inicial.

Como xa sucedeu o curso pasado, o alumnado deste nivel atópase este curso nunha situación de transición ao novo currículo establecido polo Decreto 86/2015, no sentido de que cursou 2º polo currículo anterior, e polo tanto non cursou en 2º a materia de Física e Química, senón a de Ciencias Naturais, na que se integran os contidos procedentes, aínda que estruturados dunha maneira diferente á do novo currículo.

Nesta situación, ao igual que o curso anterior, parécenos acertado basear a avaliación inicial para este nivel no currículo LOMCE, tendo moi presente que o alumnado non cursou ese currículo, para tentar obter a máxima coherencia no desenvolvemento do mesmo, e en particular para corrixir posibles situacións nas que determinados coñecementos que o alumnado debería posuír, por estar previstos no deseño do currículo, e que serán necesarios para cursar a materia de 3º, sen embargo non os manifesta na avaliación inicial, probablemente por non estar contemplados co mesmo enfoque no currículo precedente.

Deseñamos por tanto unha avaliación inicial baseada nos estándares de aprendizaxe que consideramos elementais do currículo de Física e Química de 2º de ESO, así como nalgúns estándares de aprendizaxe da materia de Matemáticas, dado que aluden a coñecementos ou habilidades imprescindibles para esta materia.

Estes estándares de aprendizaxe enuméranse a continuación en táboas:

Táboa 4. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 2º de ESO para avaliación inicial en 3º ESO.	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica	
▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	▪ CAA, CCL, CMCCT
▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	▪ CMCCT
▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	▪ CAA, CCL, CMCCT
Bloque 2. A materia	
▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	▪ CMCCT
▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	▪ CMCCT
▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	▪ CMCCT
▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	▪ CMCCT
▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	▪ CMCCT



**Táboa 4. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 2º de ESO para avaliación inicial en 3º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Os cambios	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. O movemento e as forzas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 5. Enerxía	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiáns, explicando as transformacións dunhas formas noutras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas Celsius e Kelvin.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**Táboa 4. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 2º de ESO para avaliación inicial en 3º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL, CSC, CMCCT</li> </ul>

**Táboa 5. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas 2º de ESO para avaliación inicial en 3º ESO**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL, CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 2. Números e álgebra	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Xeometría	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB3.1.2. Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB3.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB4.3.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. Funcións	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB4.3.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



**FQ\_4ESO. Avaliación inicial.**

Para o alumnado deste nivel, de xeito semellante ao anteriormente exposto para 3º de ESO, deseñaremos unha avaliación inicial baseada nos estándares de aprendizaxe que consideramos elementais do currículo de Física e Química de 3º de ESO, así como nalgúns estándares de aprendizaxe da materia de Matemáticas do mesmo nivel, dado que aluden a coñecementos ou habilidades imprescindibles para esta materia; hai unha diferenza substancial, dado que o alumnado deste nivel xa cursou a materia en 3º ESO segundo o currículo actual, polo que a mostra de estándares a considerar redúcese considerablemente.

Estes estándares de aprendizaxe enuméranse a continuación en táboas:

Táboa 6. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 3º de ESO para avaliación inicial en 4º ESO.	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica	
▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	▪ CAA CMCCT
▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	▪ CCL CMCCT
▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	▪ CMCCT
▪ FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	▪ CMCCT
Bloque 2. A materia	
▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	▪ CCEC CMCCT
▪ FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	▪ CMCCT
▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	▪ CMCCT
▪ FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas noble máis próximo.	▪ CMCCT
▪ FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	▪ CMCCT
▪ FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaa en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	▪ CMCCT
▪ FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	▪ CCL CMCCT
Bloque 3. Os cambios	

**Táboa 6. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 3º de ESO para avaliación inicial en 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. O movemento e as forzas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC CMCCT</li> </ul>
Bloque 5. Enerxía	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT CCL</li> </ul>

**Táboa 7. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas Ens. Acad. 3º de ESO para avaliación inicial en 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 2. Números e álgebra	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.1.1. Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízalos para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.1.4. Expresa números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



**Táboa 7. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas Ens. Acad. 3º de ESO para avaliación inicial en 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB2.1.8. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB2.3.1. Realiza operacións con polinomios e utilízalos en exemplos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaa nun contexto axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Xeometría	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB3.2.1. Calcula o perímetro e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB3.2.4. Calcula áreas e volumes de poliedros, cilindros, conos e esferas, e aplícaa para resolver problemas contextualizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. Funcións	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.1.1. Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.1.3. Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, describindo o fenómeno exposto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.1.5. Formula conxecturas sobre o comportamento do fenómeno que representa unha gráfica e a súa expresión alxébrica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

### ***FQ\_1BAC. Avaliación inicial.***

A situación deste alumnado é semellante á descrita anteriormente para o de 3º de ESO: se cursou o ano anterior a materia de física e química de 4º de ESO, fíxoo segundo o anterior currículo; por tanto, optamos neste caso tamén por basear a avaliación inicial nos estándares de aprendizaxe que consideramos elementais do novo currículo de Física e Química de 4º de ESO, así como nalgúns estándares de aprendizaxe da materia de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas do mesmo nivel, nos casos que consideramos imprescindibles para esta materia.

Pódese dar a situación de que algún alumno ou alumna matriculado en física e química en 1º de bacharelato non cursara esta materia en 4º de ESO; estes casos seguiranse con especial atención, aínda que o máis previsible é que esta carencia sexa detectada na propia avaliación inicial, polo que se actuará en consecuencia.

Os estándares de aprendizaxe a considerar na avaliación inicial enuméranse a continuación en táboas:

**Táboa 8. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 4º de ESO para avaliación inicial en 1º BACH.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica	
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>



Táboa 8. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 4º de ESO para avaliación inicial en 1º BACH.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	▪ CMCCT
▪ FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	▪ CMCCT
▪ FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.	▪ CMCCT
Bloque 2. A materia	
▪ FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.	▪ CMCCT, CCEC
▪ FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.	▪ CMCCT
▪ FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.	▪ CMCCT
▪ FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica.	▪ CMCCT
▪ FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	▪ CMCCT
▪ FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.	▪ CMCCT
▪ FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.	▪ CCL, CMCCT
Bloque 3. Os cambios	
▪ FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.	▪ CMCCT
▪ FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.	▪ CMCCT
▪ FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	▪ CMCCT
▪ FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	▪ CMCCT
▪ FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	▪ CMCCT
Bloque 4. O movemento e as forzas	
▪ FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	▪ CMCCT



Táboa 8. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 4º de ESO para avaliación inicial en 1º BACH.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	▪ CMCCT
▪ FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.	▪ CMCCT
▪ FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	▪ CMCCT
▪ FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	▪ CMCCT
▪ FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	▪ CMCCT
▪ FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	▪ CMCCT
▪ FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	▪ CMCCT
▪ FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	▪ CMCCT
▪ FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	▪ CMCCT
▪ FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	▪ CMCCT
▪ FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	▪ CMCCT
▪ FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.	▪ CMCCT
Bloque 5. Enerxía	
▪ FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	▪ CMCCT
▪ FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	▪ CMCCT
▪ FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	▪ CMCCT
▪ FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	▪ CMCCT
▪ FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.	▪ CMCCT



**Táboa 8. Estándares de aprendizaxe fundamentais Física e Química 4º de ESO para avaliación inicial en 1º BACH.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**Táboa 9. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas 4º de ESO para avaliación inicial en 1º BACH.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL, CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 2. Números e álgebra	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Xeometría	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT, CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplicaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



<b>Táboa 9. Estándares de aprendizaxe fundamentais Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas 4º de ESO para avaliación inicial en 1º BACH.</b>	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. Funcións	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

### ***FIS\_2BAC. Avaliación inicial.***

Para o alumnado deste nivel, enuméranse a continuación os estándares da materia de Física e Química de 1º de bacharelato que centrarán o deseño da avaliación inicial:

<b>Táboa 10. Estándares de aprendizaxe fundamentais FQ 1º de BACH para avaliación inicial en FIS 2º BACH.</b>	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica	
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA CMCCT CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.1.3. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.1.4. Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA CCL CD CMCCT</li> </ul>
Bloque 6. Cinemática	
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

**Táboa 10. Estándares de aprendizaxe fundamentais FQ 1º de BACH para avaliación inicial en FIS 2º BACH.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.	▪ CMCCT
▪ FQB6.6.1. Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.	▪ CMCCT
▪ FQB6.9.2. Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple.	▪ CMCCT
▪ FQB6.9.5. Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación.	▪ CMCCT
▪ FQB6.9.6. Representa graficamente a posición, a velocidade e a aceleración do movemento harmónico simple (MHS) en función do tempo, comprobando a súa periodicidade.	▪ CMCCT
Bloque 7. Dinámica	
▪ FQB7.2.1. Calcula o módulo do momento dunha forza en casos prácticos sinxelos.	▪ CMCCT
▪ FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.	▪ CMCCT

### **QUI\_2BAC. Avaliación inicial.**

Para o alumnado deste nivel, enuméranse a continuación os estándares da materia de Física e Química de 1º de bacharelato que centrarán o deseño da avaliación inicial:

**Táboa 11. Estándares de aprendizaxe fundamentais FQ 1º de BACH para avaliación inicial en QUI 2º BACH.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica	
▪ FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.	▪ CAA CMCCT CSIEE
▪ FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.	▪ CAA CCLCD CMCCT
▪ FQB2.2.1. Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	▪ CMCCT
▪ FQB2.3.2. Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal.	▪ CMCCT
▪ FQB2.4.1. Expressa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.	▪ CMCCT
Bloque 3. Reaccións químicas	





Táboa 11. Estándares de aprendizaxe fundamentais FQ 1º de BACH para avaliación inicial en QUI 2º BACH.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FQB3.1.1. Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.	▪ CMCCT CSIEE
▪ FQB3.2.1. Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela.	▪ CMCCT
▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.	▪ CMCCT
▪ FQB3.2.3. Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.	▪ CMCCT
▪ FQB3.2.4. Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.	▪ CMCCT
Bloque 4. Transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións químicas	
▪ FQB4.1.1. Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.	▪ CMCCT
▪ FQB4.3.1. Expressa as reaccións mediante ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.	▪ CMCCT
▪ FQB4.4.1. Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.	▪ CMCCT
Bloque 5. Química do carbono	
▪ FQB5.1.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.	▪ CMCCT

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Entre as medidas de atención á diversidade, teremos en conta:

- as que se apliquen a partir dos resultados da avaliación inicial: a aquel alumnado para o que resulte un nivel inferior ao necesario nalgún estándar de aprendizaxe dos indicados no punto anterior asignaráselles tarefas encamiñadas á adquisición do nivel necesario para poder seguir o curso con normalidade.
- as que se apliquen a partir de resultados negativos de avaliación: aquel alumnado que non acade o nivel mínimo nunha unidade didáctica tras realizar as correspondentes actividades de avaliación, ou ben que non acade o nivel mínimo establecido para algún estándar de aprendizaxe realizará as correspondentes actividades de reforzo que se lle indiquen.
- a propia adaptación constante desta programación didáctica no seu desenvolvemento, en función do ritmo e resultados globais do alumnado, en particular en canto á temporalización (incremento de sesións lectivas asignadas, de ser necesario) e á metodoloxía empregada.



## 7. SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

A recuperación das materias pendentes asignadas ao departamento terá como referente a programación didáctica desas materias para o curso en vigor. Polo tanto, a avaliación das mesmas basearase na adquisición do nivel mínimo requirido para cada un dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, así como das competencias clave asociadas aos mesmos.

Todo aquel alumnado que non se acolla ao plan de seguimento, recuperación e avaliación aquí descrito, deberá presentarse a unha proba final global da materia, a realizar na semana do 15 ao 19 de maio.

### ***FQ\_3ESO PENDENTES. Modificación nos procedementos e instrumentos de avaliación.***

Os procedementos e instrumentos empregados para a avaliación do alumnado coa materia pendente serán os mesmos que os contemplados para a materia dese curso, coas necesarias adaptacións requiridas polo feito de que este alumnado non asiste a clase da materia pendente, e polo tanto non se poden empregar determinados procedementos e instrumentos que precisan de observación ou seguimento na aula.

O referente para a avaliación do grao de consecución dos estándares serán as rúbricas elaboradas polo departamento didáctico e explicitadas nesta PD. Como se explica noutros puntos da mesma, constan de 4 niveis de adquisición, correspondendo o 2º nivel ao grao mínimo de adquisición. A cualificación correspondente a cada nivel de adquisición, normalizada sobre 10 puntos totais é: 1º nivel (2 pts.), 2º nivel (5 pts.), 3º nivel (8pts.), 4º nivel (10 pts.). No caso de non poderse aplicar a rúbrica por non realizarse a tarefa, a puntuación será de 0 puntos.

Periodicamente, cunha frecuencia semellante á do desenvolvemento das UD no curso de referencia, recolleranse tarefas realizadas na casa, de cara a poder realizar unha valoración do traballo diario, así como o grao de adquisición de determinados estándares de aprendizaxe.

Alomenos unha vez no curso cada alumno ou alumna realizará un traballo individual de tipo práctico, que consistirá na elaboración dun traballo de investigación, e entregará unha memoria seguindo as pautas e instrucións que se lle faciliten con este obxecto; esta tarefa servirá para avaliar o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes.

Finalmente, realizaranse probas orais ou escritas para valorar o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe que corresponda avaliar por este procedemento; como norma xeral, realízase unha proba deste tipo por cada trimestre: 1º trimestre, entre o 15 de decembro e o 15 de xaneiro, 2º trimestre, no mes de marzo, 3º trimestre, na primeira quincena de maio.

### ***FQ\_3ESO PENDENTES. Criterios de cualificación.***

Para o alumnado que siga o plan de traballo que se ven de describir, calcularase unha nota relativa a cada competencia clave e unha nota global do mesmo xeito que na materia correspondente.

A valoración do grao de adquisición das competencias clave por parte de cada alumno e alumna basearase nos perfís competencias extraídos do currículo, é dicir, obterase a partir do grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe relevantes para cada competencia.

### **Cualificación de cada Unidade Didáctica.**

Para estes efectos, **dentro de cada UD** asignaranse pesos porcentuais ou coeficientes a cada un dos estándares de aprendizaxe, de maneira que a suma dos mesmos sexa 100 puntos. Para obter a cualificación global na UD, a porcentaxe asignada a cada estándar de aprendizaxe multiplicarase por 1, por 0.8, por 0.5, por 0.2 ou por 0, segundo o alumno ou alumna acade no mesmo o Nivel 4, o Nivel 3, o Nivel 2 (o mínimo necesario para superar a materia), o Nivel 1 ou ben non realice ou non entregue as tarefas encomendadas ou as actividades correspondentes, respectivamente, agás para o caso dun estándar con só dous posibles niveis, en cuxo caso multiplicarase por 1 o nivel superior, por 0.2 o nivel inferior e por 0 no caso de que non se realice a tarefa. A suma de todos os valores correspondentes así obtidos dá como resultado un coeficiente que indica globalmente o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe desa UD en porcentaxe (entre 0 e 100). A nota numérica correspondente a esa UD será a que resulte de normalizar a unha escala de 0 a 10 puntos a porcentaxe así obtida, arredondada ao enteiro máis próximo.



### **Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.**

O grao de adquisición de cada competencia clave dentro de cada UD virá dado pola relación entre a puntuación do alumno ou alumna correspondente aos estándares relacionados con esa competencia na UD e a puntuación máxima na UD desa competencia clave (suma dos pesos ou coeficientes asignados a eses estándares), expresada en porcentaxe. É dicir, obterase dividindo a suma das puntuacións do alumno nos estándares desa competencia (o coeficiente do estándar multiplicada por 1, 0.8, 0.5, 0.2 ou 0, segundo o nivel acadado) entre a puntuación máxima, e multiplicando por 100.

### **Cualificación global da materia.**

Para o cálculo da cualificación global da materia, a cada UD asignáraselle un peso porcentual dentro do curso, de xeito que a suma dos mesmos para todas as unidades sexa 100 puntos.

A cualificación global da materia será a media ponderada por eses pesos porcentuais da nota numérica das UD, normalizada a unha escala de 0 a 10 puntos e arredondada ao enteiro máis próximo.

Para a superación da materia será preciso acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 na cualificación global.

### **Grao de adquisición global das competencias clave.**

O grao de adquisición global das competencias clave obterase calculando, para cada unha delas, a media ponderada dos graos de adquisición en cada UD, utilizando os pesos porcentuais de cada unidade, e normalizando esta cualificación a 100 puntos, xa que é posible que nalgunha UD non aparezan todas as competencias clave.

### ***FQ\_3ESO PENDENTES. Grao de adquisición mínimo dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.***

Como xa se indicou, corresponden ao nivel 2 de adquisición descrito nas rúbricas correspondentes.

### ***FQ\_3ESO PENDENTES. Materiais e recursos didácticos.***

Libro de texto: Física y Química 3º ESO- Serie Investiga, Proyecto Saber Hacer, 2015, Ed. Santillana (só como referencia).

Material propio elaborado polo profesorado: fichas, notas, boletíns de exercicios (para resolver e exemplos resoltos).

Recursos en internet: enlaces a páxinas web, vídeos divulgativos, blogs, etc.

Aulas de informática e biblioteca do centro.

Aula virtual específica da materia de 3º ESO na que se colga o material propio, así como información, enlaces a webs, blogs e vídeos na rede, e se empregan os foros para realizar indicacións ou intercambiar información, preguntar dúbidas e dar pautas.

### ***FQ\_1BAC PENDENTES.***

Todo aquel alumnado que non se acolla ao plan de seguimento, recuperación e avaliación aquí descrito, deberá presentarse a unha proba final global da materia, a realizar na semana do 15 ao 19 de maio.

### ***FQ\_1BAC PENDENTES. Procedementos e instrumentos de avaliación.***

Os procedementos e instrumentos empregados para a avaliación do alumnado coa materia pendente serán os mesmos que os contemplados para a materia dese curso, coas necesarias adaptacións requiridas polo feito de que este alumnado non asiste a clase da materia pendente, e polo tanto non se poden empregar determinados procedementos e instrumentos que precisan de observación ou seguimento na aula.



O referente para a avaliación do grao de consecución dos estándares serán as rúbricas elaboradas polo departamento didáctico e explicitadas nesta PD. Como se explica noutros puntos da mesma, constan de 4 niveis de adquisición, correspondendo o 2º nivel ao grao mínimo de adquisición. A cualificación correspondente a cada nivel de adquisición, normalizada sobre 10 puntos totais é: 1º nivel (2 ptos.), 2º nivel (5 ptos.), 3º nivel (8ptos.), 4º nivel (10 ptos.). No caso de non poderse aplicar a rúbrica por non realizarse a tarefa, a puntuación será de 0 puntos.

Periodicamente, cunha frecuencia semellante á do desenvolvemento das UD no curso de referencia, recolleranse tarefas realizadas na casa, de cara a poder realizar unha valoración do traballo diario, así como o grao de adquisición de determinados estándares de aprendizaxe.

Alomenos unha vez no curso cada alumno ou alumna realizará un traballo individual de tipo práctico, que consistirá na elaboración dun traballo de investigación, e entregará unha memoria seguindo as pautas e instrucións que se lle faciliten con este obxecto; esta tarefa servirá para avaliar o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes.

Finalmente, realizaranse probas orais ou escritas para valorar o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe que corresponda avaliar por este procedemento; como norma xeral, realízase unha proba deste tipo por cada trimestre: 1º trimestre, entre o 15 de decembro e o 15 de xaneiro, 2º trimestre, no mes de marzo, 3º trimestre, na primeira quincena de maio.

### ***FQ\_1BAC PENDENTES. Criterios de cualificación.***

Para o alumnado que siga o plan de traballo que se ven de describir, calcularase unha nota relativa a cada competencia clave e unha nota global do mesmo xeito que na materia correspondente.

A valoración do grao de adquisición das competencias clave por parte de cada alumno e alumna basearase nos perfís competencias extraídos do currículo, é dicir, obterase a partir do grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe relevantes para cada competencia.

#### **Cualificación de cada Unidade Didáctica.**

Para estes efectos, **dentro de cada UD** asignaranse pesos porcentuais ou coeficientes a cada un dos estándares de aprendizaxe, de maneira que a suma dos mesmos sexa 100 puntos. Para obter a cualificación global na UD, a porcentaxe asignada a cada estándar de aprendizaxe multiplicarase por 1, por 0.8, por 0.5, por 0.2 ou por 0, segundo o alumno ou alumna acade no mesmo o Nivel 4, o Nivel 3, o Nivel 2 (o mínimo necesario para superar a materia), o Nivel 1 ou ben non realice ou non entregue as tarefas encomendadas ou as actividades correspondentes, respectivamente, agás para o caso dun estándar con só dous posibles niveis, en cuxo caso multiplicarase por 1 o nivel superior, por 0.2 o nivel inferior e por 0 no caso de que non se realice a tarefa. A suma de todos os valores correspondentes así obtidos dá como resultado un coeficiente que indica globalmente o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe desa UD en porcentaxe (entre 0 e 100). A nota numérica correspondente a esa UD será a que resulte de normalizar a unha escala de 0 a 10 puntos a porcentaxe así obtida, arredondada ao enteiro máis próximo.

#### **Grao de adquisición das competencias clave en cada Unidade Didáctica.**

O grao de adquisición de cada competencia clave dentro de cada UD virá dado pola relación entre a puntuación do alumno ou alumna correspondente aos estándares relacionados con esa competencia na UD e a puntuación máxima na UD desa competencia clave (suma dos pesos ou coeficientes asignados a eses estándares), expresada en porcentaxe. É dicir, obterase dividindo a suma das puntuacións do alumno nos estándares desa competencia (o coeficiente do estándar multiplicada por 1, 0.8, 0.5, 0.2 ou 0, segundo o nivel acadado) entre a puntuación máxima, e multiplicando por 100.

#### **Cualificación global da materia.**

Para o cálculo da cualificación global da materia, a cada UD asignaráselle un peso porcentual dentro do curso, de xeito que a suma dos mesmos para todas as unidades sexa 100 puntos.

A cualificación global da materia será a media ponderada por eses pesos porcentuais da nota numérica das UD, normalizada a unha escala de 0 a 10 puntos e arredondada ao enteiro máis próximo.

Para a superación da materia será preciso acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 na cualificación global.



### Grao de adquisición global das competencias clave.

O grao de adquisición global das competencias clave obtense calculando, para cada unha delas, a media ponderada dos graos de adquisición en cada UD, utilizando os pesos porcentuais de cada unidade, e normalizando esta cualificación a 100 puntos, xa que é posible que nalguna UD non aparezan todas as competencias clave.

### ***FQ\_1BAC PENDENTES. Grao de adquisición mínimo dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.***

Como xa se indicou, corresponden ao nivel 2 de adquisición descrito nas rúbricas correspondentes.

### ***FQ\_1BAC PENDENTES. Materiais e recursos didácticos.***

Libro de texto: Física y Química 1º Bachillerato, Serie Investiga, Proyecto Saber Hacer, 2015, Ed. Santillana (só como referencia).

Material propio elaborado polo profesorado: fichas, notas, boletíns de exercicios (para resolver e exemplos resoltos).

Recursos en internet: enlaces a páxinas web, vídeos divulgativos, blogs, etc.

Aulas de informática e biblioteca do centro.

Aula virtual específica da materia na que se colga o material propio, así como información, enlaces a webs, blogs e vídeos na rede, e se empregan os foros para realizar indicacións ou intercambiar información, dúbidas e pautas.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

Empregaremos durante este curso estes indicadores básicos:

Táboa 12. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente.				
Indicador	Temporalización	Criterios de aceptación	Instrumentos de avaliación	Observacións
<ul style="list-style-type: none"> <li>Grado de cumprimento da programación didáctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso, mensualmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento de alomenos o 85% do planificado en todos os cursos e materias de ESO e 1º de bacharelato.</li> <li>En 2º de bacharelato, desenvolvemento íntegro da programación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Documento específico de seguimento da programación didáctica, a cubrir por cada profesor ou profesora.</li> <li>Actas das reunións de departamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Trátase de verificar que se desenvolve correctamente o planificado e que se rexistran e motivan as modificacións que se realizan.</li> <li>O seguimento da programación realizarase nas reunións de departamento con periodicidade mensual.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coordinación entre o profesorado que imparte diferentes grupos do mesmo nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tratar e debater este aspecto nas reunións de departamento alomenos con periodicidade mensual.</li> <li>Utilización de instrumentos e probas de avaliación idénticos en todos os grupos do mesmo nivel, ou ben, cando non sexa posible, de instrumentos e probas de avaliación análogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actas das reunións de departamento.</li> <li>Evidencias das probas de avaliación realizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>



Táboa 12. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente.

Indicador	Temporalización	Criterios de aceptación	Instrumentos de avaliación	Observacións
<ul style="list-style-type: none"> <li>Obxectividade dos criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Alomenos unha vez durante o curso en cada nivel e materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferenza entre as cualificacións menor dun 10% en alomenos o 90% do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Calibración das cualificacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A calibración realizarase duplicando a corrección das evidencias dunha determinada proba (traballo, presentación, exame, etc.) elixida para tal efecto por dous profesores do departamento e comparando os resultados.</li> <li>Preténdese establecer que os procedementos e instrumentos de avaliación, así como a aplicación dos criterios de avaliación, corrección e cualificación, resultan dunha elevada obxectividade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultados académicos do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cada trimestre, nas avaliacións parciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Parámetros da distribución t de Student.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os datos dos resultados académicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Valoración do desenvolvemento da práctica docente por parte do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Valoración positiva superior ao 50% en alomenos o 80% dos apartados.</li> <li>Valoración positiva superior ao 70% en alomenos o 50% dos apartados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Enquisa específica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preténdense detectar aqueles aspectos menos valorados polo alumnado para introducir cambios se é posible, en canto ao tipo de actividades que prefiren, algún aspecto da metodoloxía e outros aspectos.</li> </ul>

## 9. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

De cara á revisión e avaliación da programación didáctica seguirase un procedemento baseado nalguns instrumentos xa descritos, así como noutros:

- o seguimento do cumprimento da programación mediante o documento específico que se deseña para iso, que é tamén unha ferramenta para a súa revisión e avaliación: entre as conclusións que se deriven deste seguimento, en función das desviacións dese cumprimento e das súas causas, poden estar modificacións na temporalización, na metodoloxía ou noutros aspectos, que serán por tanto debatidos e decididos nas reunións de departamento.
- os resultados académicos do alumnado deberán ser tamén un elemento importante de análise; de non axustarse ao esperado no apartado anterior, deberá realizarse a análise correspondente, de cara a determinar se hai elementos susceptibles de modificación na programación didáctica que poidan mellorar este aspecto: a énfase que se pon nalguns contidos, a temporalización, a metodoloxía, o tipo de actividades que se propoñen e realizan ou os procedementos e instrumentos de avaliación.
- os resultados da enquisa realizada sobre o alumnado poden axudar a perfilar algunhas destas decisións, en canto que poden dar información importante de cara á motivación do alumnado ou respecto a cales son os contidos que máis esforzo requiren pola súa parte para ser adquiridos.
- haberá que seguir prestando especial atención á definición e mellora das rúbricas de avaliación, a definición dos graos mínimos de adquisición ou a operatividade da súa aplicación, de cara a mellorar estes aspectos, se procede, de cara a vindeiros cursos.

## 10. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Para estas materias, optouse por explicitar a contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave mediante a elaboración dos perfís competenciais. Para cada competencia clave das sete establecidas recolléronse os estándares de aprendizaxe que contribúen de forma máis salientable á adquisición da mesma, segundo o establecido polo currículo desenvolvido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño. Estes perfís competencias están recollidos en táboas.



## 11. TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

A temporalización dos estándares de aprendizaxe podería deducirse do desenvolvemento das UD da materia de cada curso (xa que nelas se explicitan a temporalización da unidade e os estándares que se traballan). Aínda así, en aras dunha maior claridade e eficacia, pareceunos útil reflectir esta temporalización explicitamente en táboas específicas antes da explicitación das UD. Nas mesmas recóllense todos os estándares da materia e as UD que se traballan cada trimestre, indicando os que se traballan especificamente en cada unha delas. Como é habitual, en lugar de referirse aos estándares pola súa codificación, xa que esta opción nos parece demasiado críptica, fixéronse explícitos, por canto ao longo do curso será necesario acudir á súa formulación en multitude de ocasións, e non incluíla aquí obrigaría a referirse ao Decreto, que non é un documento tan cómodo de manexar. Isto fai que a PD se convirta nun documento certamente extenso.

Estas tablas aprovéitanse tamén para indicar o peso porcentual de cada UD na cualificación global da materia.

Tal e como recollimos na PD do curso anterior, este curso faise unha maior concreción na temporalización dos estándares, ao asignalos a UD concretas que son desenvolvidas en momentos concretos do curso (o ano anterior indicábanse só os trimestres nos que se traballaban).

## 12. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Para a valoración do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, este curso xa en todas as materias do departamento, optouse por elaborar rúbricas de avaliación. Nelas concrétese o estándar de aprendizaxe mediante indicadores de logro, enunciados normalmente en forma positiva, aínda que ás veces, sobre todo para describir o nivel máis baixo (insuficiente), tamén se recurriu a enunciados negativos, describindo o que o alumno ou alumna non é capaz de facer. Nalgúns casos, os diferentes aspectos do estándar desglósanse en distintas dimensións do estándar, para que resulte máis fácil a súa avaliación; isto ten sentido especialmente en estándares complexos ou naqueles que denominamos “transversais” (os do primeiro bloque de contidos).

As rúbricas de avaliación definíronse en termos xerais con catro niveis, denominados “Baixo”, “Normal”, “Notable” e “Excepcional”, agás para o caso dalgún estándar de aprendizaxe que é claramente bipolar (é dicir, que se pode avaliar respondendo SI ou NON a un indicador de logro moi concreto), no que só se consideran dous niveis.

No primeiro caso, o grao mínimo de consecución de cada estándar identifícase co nivel “Normal” (o segundo máis baixo dos catro); no segundo caso, o nivel mínimo non se pode graduar, e corresponde por tanto á superación do estándar.

Calquera alumno ou alumna cun grao de consecución do estándar inferior ao explicitado no Nivel 1 será cualificado con este nivel dado que é o mínimo recollido na rúbrica; por tanto, a clasificación neste nivel para un determinado estándar non supón que efectivamente o alumno ou alumna acadase todos os indicadores de logro descritos nese nivel. A excepción a esta regra é o caso no que a rúbrica non sexa aplicable por non ter realizado, desenvolvido ou entregado o alumno as tarefas correspondentes.

## 13. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos empregados en xeral para a avaliación do alumnado serán variados; nas ocasións que sexa factible, e de cara a obter a maior validez e confiabilidade posibles, empregaranse procedementos ou instrumentos de avaliación complementarios.

A continuación enuméranse os procedementos de avaliación a empregar; esta numeración permitirá aludir a eles máis adiante, cando se elaboren as unidades didácticas e as rúbricas de avaliación, de xeito sintético e compacto.

1. Observación sistemática (directa na aula).
2. Análise de producións (tarefas, actividades ou exercicios realizados na aula ou na casa, experiencias de laboratorio, presentacións).
3. Comprobacións (probos) específicas.
4. Coavaliación (avaliación do alumnado por parte do alumnado).

Do mesmo xeito, enuméranse os instrumentos de avaliación correspondentes, para poder aludir a eles máis adiante de xeito abreviado.





1. Rúbricas.
2. Listas de cotexo. Utilizaranse, por exemplo, para a coavaliación.
3. Portfolio de actividades (fichas específicas de exercicios, actividades e tarefas que o alumnado debe devolver feitas para a súa corrección).
4. Probas escritas ou orais (que poderán consistir en, ou conter, baterías de preguntas de opción múltiple, verdadeiro ou falso, completar, relacionar columnas, resposta breve ou preguntas complexas que precisen un desenvolvemento amplo; nelas farase énfase nos procedementos e habilidades preferentemente sobre os conceptos).
5. Informes de investigación ou de laboratorio e presentacións visuais.

O principal instrumento de avaliación serán as rúbricas elaboradas para valorar o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe; deste xeito, o deseño dos demais instrumentos basearase na rúbrica: as listas de cotexo conterán items directamente relacionados cos niveis de logro ou desempeño ou coas dimensións especificados na rúbrica, os exercicios, tarefas e actividades deseñaranse a partir dos estándares de aprendizaxe, as preguntas das probas relacionaranse con determinados estándares de aprendizaxe aoas que lles resulte aplicable este instrumento de avaliación, etc.)

## 14. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS.

### 14.1. FÍSICA E QUÍMICA 2º E.S.O.

#### *FQ\_2ESO. Perfís competenciais.*

Táboa 13. Perfís competenciais. Física e Química 2º de ESO (56 estándares). Contribución ás competencias clave.	
C. Clave	Estándares de aprendizaxe
▪ CMCCT (56)	▪ TODOS (56 estándares)
▪ CAA (9)	▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
	▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
	▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
	▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
	▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
	▪ FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.
▪ FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	





**Táboa 13. Perfís competenciais. Física e Química 2º de ESO (56 estándares). Contribución ás competencias clave.**

C. Clave	Estándares de aprendizaxe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.</li> <li>▪ FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.</li> </ul>
▪ CCEC (1)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</li> </ul>
O grao de adquisición de cada competencia clave dentro de cada UD virá dado pola relación entre a puntuación do alumno ou alumna correspondente aos estándares relacionados con esa competencia na UD e a puntuación máxima na UD desa competencia clave (suma dos pesos ou coeficientes asignados a eses estándares), expresada en porcentaxe. É dicir, obterase dividindo a suma das puntuacións do alumno nos estándares desa competencia (o coeficiente do estándar multiplicada por 1, 0,8, 0,5, 0,2 ou 0, segundo o nivel acadado) entre a puntuación máxima, e multiplicando por 100.

### **Cualificación global da materia.**

Para o cálculo da cualificación global da materia, a cada UD asignáraselle un peso porcentual dentro do curso, de xeito que a suma dos mesmos para todas as unidades sexa 100 puntos.

A cualificación global da materia será a media ponderada por eses pesos porcentuais da nota numérica das UD, normalizada a unha escala de 0 a 10 puntos e arredondada ao enteiro máis próximo.

Para a superación da materia será preciso acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 na cualificación global.

### **Grao de adquisición global das competencias clave.**

O grao de adquisición global das competencias clave obterase calculando, para cada unha delas, a media ponderada dos graos de adquisición en cada UD, utilizando os pesos porcentuais de cada unidade, e normalizando esta cualificación a 100 puntos, xa que é posible que nalgunha UD non aparezan todas as competencias clave.

## ***FQ\_4ESO. Concreción dos elementos transversais.***

En 4º de ESO traballaranse os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora, a expresión oral e a expresión escrita; estes elementos son traballados amplamente en multitude de contidos e actividades (textos específicos, enunciados de exercicios, elaboración de documentos e informes polo alumnado, manexo de fontes de información, entre outros). De feito, varios dos estándares de aprendizaxe do curso teñen relación directa con elas.
- a comunicación audiovisual, como receptores en canto que se empregan carteis, vídeos e anuncios, por exemplo, como elementos de traballo na aula, e como creadores nalgún aspecto, a nivel medio neste curso de 4º de ESO, na elaboración dalgún pequeno traballo.
- as tecnoloxías da información e da comunicación, que teñen exhaustiva relación coa materia: diferentes estándares abordan directamente o traballo con elas, na busca de información, no seu tratamento, na elaboración de contidos, na redación e elaboración de traballos e presentacións, na utilización de ferramentas tecnolóxicas (de software, pero tamén outras) para a simulación de situacións, experimentos, circuitos e outras.
- o emprendemento, a través da iniciativa que o alumnado debe amosar na realización de múltiples actividades e tarefas, así como de experiencias de laboratorio.
- a educación cívica e constitucional, basicamente a través das múltiples relacións da ciencia coa ética, a moral, as condicións de vida, ou o desenvolvemento sostible, así como as contribucións de homes e mulleres relacionados coa ciencia neste campo.
- a igualdade efectiva entre homes e mulleres, facendo especial énfase en visualizar as numerosas achegas das mulleres científicas nos campos da física e da química, sobre todo, así como nas matemáticas, bioloxía, medicina e outras en canto que esas contribucións se relacionen cos contidos do curso, e a través dela a prevención da violencia de xénero.
- a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, mediante as contribucións de homes e mulleres relacionados coa ciencia neste campo, así como aplicacións directas en prol da paz dos propios descubrimentos científicos.
- valores da liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia e respecto aos dereitos humanos, mediante as contribucións de homes e mulleres relacionados coa ciencia neste campo.





- a seguridade viaria, a nivel introdutorio, especialmente cando se traballen contidos relacionados co movemento e a enerxía.

### ***FQ\_4ESO. Materiais e recursos didácticos.***

Libro de texto: Física y Química 4 ESO, Serie Investiga, Proyecto Saber Hacer, 2016, Ed. Santillana, ISBN 9788468037905.

Aulas laboratorio de Física e de Química, co material e dotación correspondentes.

Ordenador portátil propio do profesorado ou do centro, se é o caso; canón de proxección; altofalantes.

Material propio elaborado polo profesorado: fichas, notas, boletíns de exercicios (para resolver e exemplos resoltos).

Recursos en internet: enlaces a páxinas web, vídeos divulgativos, blogs, etc.

Aulas de informática e biblioteca do centro.

Aula virtual específica da materia na que se colga o material propio, así como información, enlaces a webs, blogs e vídeos na rede; tamén se empregan os foros para realizar indicacións ou intercambiar información, dúbidas e pautas.

## **14.4. CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL 4º E.S.O.**

### ***CAAP 4ºESO. Avaliación inicial.***

Como un saber integrado que é, o coñecemento científico estrutúrase en distintas disciplinas e, neste contexto, a materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado a oportunidade de aplicar en cuestións prácticas, cotiás e próximas os coñecementos adquiridos ao longo dos cursos anteriores en disciplinas como Química, Bioloxía ou Xeoloxía.

Polo tanto, na avaliación inicial, trataremos de centrarnos nos estándares das materias mencionadas do curso de 3ºESO

**Táboa 41. Estándares de aprendizaxe fundamentais de Física e química 3º de ESO para avaliación inicial CAAP 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	▪ CMCCT CAA
▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	▪ CMCCT CCL
▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	▪ CMCCT
▪ FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	▪ CMCCT
▪ FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	▪ CMCCT
▪ FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	▪ CMCCT

**Táboa 41. Estándares de aprendizaxe fundamentais de Física e química 3º de ESO para avaliación inicial CAAP 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	▪ CMCCT
▪ FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuíto eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	▪ CMCCT
▪ FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	▪ CCL CMCCT

**Táboa 42. Estándares de aprendizaxe fundamentais de Matemáticas Aplicadas 3º de ESO para avaliación inicial CAAP 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	▪ CMCCT
▪ MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	▪ CMCCT

**Táboa 43. Estándares de aprendizaxe fundamentais de Bioloxía e Xeoloxía 3º de ESO para avaliación inicial CAAP 4º ESO.**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	▪ CMCCT CCL
▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	▪ CSC CMCCT
▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	▪ CAA CSIEE CMCCT
▪ BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.	▪ CSC
▪ BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	▪ CSC CSIEE
▪ BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e diseña propostas de actuación.	▪ CSIEE CSC
▪ BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	▪ CMCCT CAA
▪ BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	▪ CCL CAA
▪ BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	▪ CD CMCCT

**CAAP\_4ºESO. Perfís competenciais.**

Da lexislación que establece o currículo da materia para 4º curso de ESO extráese un perfil competencial que figura a continuación cos correspondentes estándares de aprendizaxe. Para a avaliación do primeiro trimestre non temos suficientes ferramentas polo que, a maiores, complétase este perfil tendo en conta a contribución dalgún estándar de aprendizaxe neste e competencias que en principio non veñen incluídas no Decreto.

Indícanse na propia táboa, en negrita, os estándares que non son elementos prescriptivos do currículo.

Táboa 44. Perfís competenciais. CC Aplicadas á actividade profesional 4º de ESO (34 estándares). Contribución ás competencias clave.	
C. Clave	Estándares de aprendizaxe
▪ CMCCT (34)	▪ TODOS (34 estándares)
▪ CAA (9)	▪ CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.
	▪ CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.
	▪ CAAB1.4.1. Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico.
	▪ CAAB1.5.1. Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.
	▪ CAAB1.6.1. Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto.
	▪ CAAB1.7.1. Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.
	▪ CAAB1.8.1. Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.
	▪ CAAB1.9.1. Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais.
	▪ CAAB1.10.1. Relaciona procedementos instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos.
	▪ CAAB2.4.1. Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e deseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.
	▪ CAAB2.10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.
	▪ CAAB2.11.1. Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente.



<b>Táboa 44. Perfís competenciais. CC Aplicadas á actividade profesional 4º de ESO (34 estándares). Contribución ás competencias clave.</b>	
<b>C. Clave</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.</li> <li>▪ CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.</li> <li>▪ CAAB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.</li> <li>▪ CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> <li>▪ CAAB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> <li>▪ CAAB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> </ul>
▪ CCEC (0)	▪ NINGÚN
▪ CCL (8)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAAE1.3. Representa datos e táboas de datos obtidos en experimentos científicos en diferentes gráficas dependendo do tipo de información que queremos transmitir.</li> <li>▪ CAAE2.2. Aprende as diferentes unidades do sistema internacional así coma os diferentes múltiplos e submúltiplos.</li> <li>▪ CAAB2.11.1. Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente.</li> <li>▪ CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.</li> <li>▪ CAAB3.3.1. Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.</li> <li>▪ CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> <li>▪ CAAB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> <li>▪ CAAB4.5.2. Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito</li> </ul>
▪ CSC (19)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.</li> <li>▪ CAAB2.1.1. Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.</li> <li>▪ CAAB2.2.1. Discrimina os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos.</li> <li>▪ CAAB2.2.2. Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta.</li> <li>▪ CAAB2.3.1. Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.</li> </ul>



**Táboa 44. Perfís competenciais. CC Aplicadas á actividade profesional 4º de ESO (34 estándares). Contribución ás competencias clave.**

C. Clave	Estándares de aprendizaxe
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAAB2.4.1. Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e deseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.</li> <li>▪ CAAB2.5.1. Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.</li> <li>▪ CAAB2.6.1. Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.</li> <li>▪ CAAB2.7.1. Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva.</li> <li>▪ CAAB2.8.1. Argumenta os pros e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos</li> <li>▪ CAAB2.10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.</li> <li>▪ CAAB2.11.1. Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente.</li> <li>▪ CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.</li> <li>▪ CAAB3.1.1. Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.</li> <li>▪ CAAB3.2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade.</li> <li>▪ CAAB3.2.2. Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico.</li> <li>▪ CAAB3.3.1. Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.</li> <li>▪ CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.</li> <li>▪ CAAB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD (7)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.</li> <li>▪ CAAE2.6. Utiliza as TICs para encontrar instrumentos de medida utilizados na antigüidade así como algunha unidade utilizada nesa época.</li> <li>▪ CAAB2.11.1. Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente.</li> <li>▪ CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.</li> <li>▪ CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.</li> <li>▪ CAAB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> <li>▪ CAAB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e</li> </ul>



**Táboa 44. Perfís competenciais. CC Aplicadas á actividade profesional 4º de ESO (34 estándares). Contribución ás competencias clave.**

C. Clave	Estándares de aprendizaxe
	defensa na aula.
■ CSIEE (14)	■ CAAE1.2. Distingue e diferencia as diferentes etapas do método científico e identifícaaas en estudos históricos.
	■ CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.
	■ CAAB1.9.1. Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais.
	■ CAAB2.4.1. Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e deseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.
	■ CAAB2.9.1. Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.
	■ CAAB3.1.1. Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.
	■ CAAB3.2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade.
	■ CAAB3.2.2. Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico.
	■ CAAB3.3.1. Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.
	■ CAAB3.3.2. Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas.
	■ CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.
	■ CAAB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.
	■ CAAB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
	■ CAAB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e defensa na aula.

**CAAP\_4ESO. Temporalización dos estándares de aprendizaxe.**

Táboa 45. Estándares de aprendizaxe CAAP 4º ESO nas UD (37 estándares)	Competencias clave	Unidades didácticas CAAP 4º ESO								
		1º			2º			3º		
		1	2	3	4	5	6	7	8	9
Temporalización en trimestres										



Táboa 45. Estándares de aprendizaxe CAAP 4º ESO nas UD (37 estándares)	Competencias clave	Unidades didácticas CAAP 4º ESO								
		1º			2º			3º		
		1	2	3	4	5	6	7	8	9
Temporalización en trimestres										
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE1.1. Recoñece a labor da ciencia na sociedade e clasifícaa adecuadamente nas distintas especialidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	X								
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE1.2. Distingue e diferencia as diferentes etapas do método científico e identifícaaas en estudos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT CSIEE</li> </ul>	X								
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE1.3. Representa datos e táboas de datos obtidos en experimentos científicos en diferentes gráficas dependendo do tipo de información que queremos transmitir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT CCL</li> </ul>	X								
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE2.1. Define magnitude e distingue entre magnitudes escalares e vectoriales así coma fundamentais e derivadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE2.2. Aprende as diferentes unidades do sistema internacional así coma os diferentes múltiplos e submúltiplos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT CCL</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE2.3. Realiza correctamente cambios de unidades mediante factores de conversión e expresa os resultados en notación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE2.4. Calcula erros absoluto e relativo en exercicios e en resultados obtidos no laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE2.5. Define e comprende as características máis importantes dos instrumentos de medida: sensibilidade, exactitude e precisión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAE2.6. Utiliza as TICs para encontrar instrumentos de medida utilizados na antigüidade así como algunha unidade utilizada nesa época.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT CD</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA CMCCT</li> </ul>			X	X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC CMCCT</li> </ul>			X	X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA CSIEE</li> <li>CD</li> </ul>	X	X				X	X		X
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.4.1. Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>		X							
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.5.1. Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>				X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.6.1. Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>				X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.7.1. Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>				X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.8.1. Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>					X				



Táboa 45. Estándares de aprendizaxe CAAP 4º ESO nas UD (37 estándares)	Competencias clave	Unidades didácticas CAAP 4º ESO								
		1º			2º			3º		
		1	2	3	4	5	6	7	8	9
Temporalización en trimestres										
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>									
CAAB1.9.1. Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>					X				
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.10.1. Relaciona procedementos instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>					X				
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB1.11.1. Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>					X				
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.1.1. Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.2.1. Discrimina os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.2.2. Categoriza, reconece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuvia ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.3.1. Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.4.1. Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e diseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT CSIEE</li> <li>CAA CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.5.1. Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.6.1. Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>						X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.7.1. Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>							X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.8.1. Argumenta os pros e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>							X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.9.1. Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>							X		





Táboa 45. Estándares de aprendizaxe CAAP 4º ESO nas UD (37 estándares)	Competencias clave	Unidades didácticas CAAP 4º ESO								
		1º			2º			3º		
		1	2	3	4	5	6	7	8	9
Temporalización en trimestres										
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.</li> </ul>	CMCCT CSC ▪ CAA							X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.11.1. Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente.</li> </ul>	CSC CCL ▪ CD CAA							X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.</li> </ul>	CSC CCL ▪ CD CAA							X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB3.1.1. Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.</li> </ul>	CSIEE ▪ CSC								X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB3.2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade.</li> </ul>	CSIEE ▪ CSC								X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB3.2.2. Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico.</li> </ul>	CSIEE ▪ CSC								X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB3.3.1. Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.</li> </ul>	CSIEE CSC ▪ CCL								X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB3.3.2. Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas.</li> </ul>	▪ CSIEE								X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.</li> </ul>	CAA CSIEE ▪ CSC CD								X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.</li> </ul>	CAA CMCCT ▪ CSIEE									X
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> </ul>	CAA CCL ▪ CMCCT	X								X
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> </ul>	CAA CCL ▪ CMCCT CD	X								X
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> </ul>	CAA CSC ▪ CSIEE									X
<ul style="list-style-type: none"> <li>CAAB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul>	CCL CSIEE									X



Táboa 45. Estándares de aprendizaxe CAAP 4º ESO nas UD (37 estándares)	Competencias clave	Unidades didácticas CAAP 4º ESO								
		1º			2º			3º		
		1	2	3	4	5	6	7	8	9
Temporalización en trimestres										
▪ CAAB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	▪ CD CMCCT ▪ CCL									X
<b>Peso da unidade na cualificación global</b>		12%	11%	11%	11%	11%	11%	11%	11%	11%

### **CAAP\_4ESO. Procedementos e instrumentos de avaliación. Grao mínimo de consecución dos estándares.**

Como xa se explicou, a avaliación dos estándares de aprendizaxe está baseada nunha rúbrica como instrumento principal. Esta rúbrica concrétese nunha táboa elaborada para cada UD, na que se explicitan os niveis de desempeño correspondentes a cada un dos catro niveis de adquisición do estándar. Os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación a empregar para cada estándar indícanse tamén, por compacidade, na mesma táboa, aludindo a eles mediante a numeración correspondente (ver aptdo. 13 máis arriba). En xeral, fanse explícitos para cada estándar diferentes procedementos e instrumentos de avaliación; isto non quere dicir que se vaian empregar todos eles para avalialo, senón que o profesor optará por aqueles que resulten máis convenientes en función dos exercicios, actividades ou tarefas de que se trate, tendo en conta que en xeral deberá empregarse máis de un para cada estándar, en función da súa complementariedade, para garantir as suficientes validez e confiabilidade. Elaborar as rúbricas por UD é máis cómodo, ao non ter que manexar a rúbrica completa cada vez, senón só a parte correspondente á UD que se está traballando, e por outra banda permite matizar algún aspecto dos niveis de desempeño de xeito diferente para os estándares que se traballan en distintas UD. Isto non é sempre necesario, aínda que nalgún caso si pode ser conveniente (o mesmo estándar pódese concretar en niveis de logro diferentes segundo o contexto da UD no que se traballa). Como xa se indicou, o grao mínimo de consecución de cada estándar é o explicitado polo Nivel 2 (o 2º nivel máis baixo dos 4 contemplados).

### **CAAP\_4ESO. Unidades didácticas.**

#### **U1. A materia e a medida. 10 sesións.**

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO Unidade 1 A materia e a medida					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C clave	Peso
e f g	B1.2. Aplicación do método científico aos traballos de laboratorio. B1.3. Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo experimental do laboratorio.	B1.3. Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimentación, na compilación de datos e na análise de resultados.	CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.	CAA CSIEE CD	10%



Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO Unidade 1 A materia e a medida					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C clave	Peso
h					
e f l ñ	B1.6. Análise da aplicación da ciencia en campos profesionais directamente relacionadas con Galicia.	B1.11. Contrastar as posibles aplicacións científicas nos campos profesionais directamente relacionados co seu contorno.	CAAB1.11.1. Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.	CMCCT CCEC	5%
b e f g h	B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.	B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou a observación e a argumentación.	CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	CAA CCL CMCCT	20%
e f g	<b>B.1</b> Ciencias e pseudociencias. Ramas da ciencia: ciencias formais e factuais	<b>B.1</b> Coñecer as diferentes clasificacións da ciencia así como as súas aplicacións.	<b>CAAE.1</b> Recoñece a labor da ciencia na sociedade e clasifícaa adecuadamente nas distintas especialidades.	CMCCT	15%
e f g	<b>B.2.</b> Etapas á hora de aplicar o método científico. Exemplos históricos.	<b>B.2.</b> Comprender que as leis e teorías dedúronse utilizando de forma rigorosa o método científico.	<b>CAAE.2</b> Distingue e diferencia as diferentes etapas do método científico identificándoas en estudos históricos.	CMCC CSIEE	25%
e f g	<b>B.3.</b> Representacións gráficas como método para organizar datos: columnas, liñas e sectores.	<b>B.3</b> Poder interpretar e representar con soltura os diferentes diagramas.	<b>CAAE.3</b> Representa datos e táboas de datos obtidos en experimentos científicos en diferentes gráficas dependendo do tipo de información que queremos transmitir.	CMCCT CCL	25%

Táboa 46. Rúbrica, procedementos e instrumentos de avaliación. U1 CAAP 4º de ESO.

Nivel 1 (baixo)	Nivel 2 (normal) Mínimo para superar a materia	Nivel 3 (notable)	Nivel 4 (excepcional)	Proc. de aval.	Instr. de aval.
CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.				1,2	1,5
Busca pero non atopa información relativa a listas de densidades para identificar materiais.	Encontra as listas citadas pero expresa as medidas mal e sen unidades	Utiliza a información atopada de xeito apropiado, identifica o material coa táboa de densidades pero non indica fonte e a presentación é mellorable	Realiza perfectamente as tarefas descritas no terceiro nivel presentado todo perfectamente e indicando a fonte da táboa		
CAAB1.11.1. Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.				1,3	1,4



Táboa 46. Rúbrica, procedementos e instrumentos de avaliación. U1 CAAP 4º de ESO.

Nivel 1 (baixo)	Nivel 2 (normal) Mínimo para superar a materia	Nivel 3 (notable)	Nivel 4 (excepcional)	Proc. de aval.	Instr. de aval.
Le as actividades de perfil profesional pero non entende o funcionamento das instalacións (enerxía solar térmica)	Entende e sabe explicalo funcionamento pero non encontra empresas dedicadas a esta labor en Galicia	Le, entende e atopa exemplos pero falta coherencia.	A exposición dos contidos expostos nos anteriores niveis e clara, coherente e completa.		
CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.				1,2	1,4
Realiza práctica para o cálculo do volume dunha gota de auga pero non enumera as catro etapas do método científico esixidas. Problema, hipótese, experimentación e conclusión..	Realiza práctica e demostra ter aprendido as etapas do método pero non identifica con precisión tódalas etapas co procedemento realizado.	Identifica procedemento coas etapas pero non presenta ordenadamente a práctica e non presenta adecuada- mente o traballo.	Realiza tódalas tarefas apropiadamente cunha boa presentación, limpeza e debuxo.		
CAAE1.1. Recoñece a labor da ciencia na sociedade e clasificaa adecuadamente nas distintas especialidades.				3	1
Sabe enumerar parte da clasificación entre as ramas da ciencia pero deixa a información incompleta.	Coñece as diferentes clasificacións pero non explica as diferencias entre elas	Expón a clasificación e define correctamente as diferen- tes ramas	Cumpre o terceiro nivel e ademais pon exemplos claros que indican comprensión do que estudia cada rama.		
CAAE1.2. Distingue e diferencia as diferentes etapas do método científico e identificaas en estudos históricos.				3	1
Le o texto e expón conclusións aínda que son erróneas.	Le o texto chega á conclusión correcta pero non enumera as etapas correctamente.	Explica as diferentes etapas identificándoas con cada parte do experimento chegando á mesma conclusión que o investigador .	Cumpre o nivel 3 e demostra de forma argumentada o porque da conclusión, relacionándoo con contidos estudiados en 3ºESO		
CAAE1.3. Representa datos e táboas de datos obtidos en experimentos científicos en diferentes gráficas dependendo do tipo de información que queremos transmitir.				3	1
Debuxa a gráfica pero os puntos están mal representa- dos	Gráfica feita distinguindo variable dependente e inde- pendente pero non é vistosa e as escalas están mal escollidas	Distingue variables, gráficas de tamaño e escalas apropiadas representando correctamente a tendencia dos datos.	Presentación perfecta utilizando varios cores distin- guindo así as diferentes poboacións de datos (gráfica de liñas)		

U2. A medida. 7 sesións.

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C clave	Peso
f l	B.4. Magnitudes e clasificacións.	B.4 Distinguir diferentes tipos de magnitudes.	CAAE.4. Define magnitude e distingue entre magnitudes escalares e vectoriais así coma fundamentais e derivadas.	CMCCT	15%
e f	B1.3. Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunica- ción para o traballo experimental do laboratorio.	B1.3. Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimen- tación, na compilación de datos e na análise de resultados.	CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.	CAA CSIEE CD	25%



Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C clave	Peso
g h					
f	<b>B.5.</b> Unidades do sistema internacional. Múltiplos e submúltiplos.	<b>B.5</b> Valorar a importancia da creación dun sistema internacional de unidades. Aprender unidades do SI.	<b>CAAE.5.</b> Aprende as diferentes unidades do sistema internacional así coma os diferentes múltiplos e submúltiplos.	CMCCT CCL	20%
f	<b>B.6.</b> Cambios de unidades mediante factores de conversión. Notación científica.	<b>B.6</b> Cambiar dunhas unidades a outras mediante factores de conversión.	<b>CAAE.6.</b> Realiza correctamente cambios de unidades mediante factores de conversión e expresa os resultados en notación científica.	CMCCT	25%
f	<b>B.7</b> Características que definen os instrumentos de medida. Erros absolutos e relativos.	<b>B.7</b> Aprender a recoñecer os diferentes instrumentos distinguíndo as súas características.	<b>CAAE.8. CAAE.8.</b> Define e comprende as características máis importantes dos instrumentos de medida e calcula erros absolutos e relativos	CMCCT	15%

**Táboa 47. Rúbrica, procedementos e instrumentos de avaliación. U2 CAAP 4º de ESO.**

Nivel 1 (baixo)	Nivel 2 (normal) Mínimo para superar a materia	Nivel 3 (notable)	Nivel 4 (excepcional)	Proc. de aval.	Instr. de aval.
CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.				1,2	1,5
Busca na rede sitios onde aparecen instrumentos de medida e fai un traballo pero non explica nin funcionamento, unidades e non pon foto.	Expón instrumentos de medida pero non históricos. Non pon fotos nin fontes.	Explica con fotos estruturando ben o texto, pero non contén tódolos elementos esixidos: unidades históricas, fonte e descrición coherente e ben redactada.	Contén tódolos elementos descritos e expoñéndoos de forma coherente e ordenada		
<b>CAAE.4.</b> Define magnitude e distingue entre magnitudes escalares e vectoriais así coma fundamentais e derivadas.				1,3	1,4
Distingue magnitude e unidade pero non recoñece as diferentes clasificación e características destas	Coñece a clasificación pero non é quen de explicar os diferentes contidos	Explica e define os elementos pero non con moito rigor	Enumera as diferentes magnitudes, as define e explica os diferentes elementos das magnitudes vectoriais		
<b>CAAE.5.</b> Coñece as diferentes unidades do sistema internacional así coma os diferentes múltiplos e submúltiplos.				1,3	1,4
Non recorda a lista das diferentes unidades fundamentais	É capaz de enumerar a maioría de unidades así como os múltiplos e submúltiplos máis sinxelos	Comete algún erro pero demostra dominar os contidos	Non ten erros nos exercicios relacionados cos contidos e tampouco na proba		
<b>CAAE.6.</b> Realiza correctamente cambios de unidades mediante factores de conversión e expresa os resultados en notación científica				1,3	1,4
Non domina os factores de conversión non podendo realizar un cambio de unidades correctamente.	É capaz de realizar cambios de unidades sinxelas de magnitudes fundamentais elementais	Realiza cambios de unidades de magnitudes fundamentais e utiliza a notación científica de forma axeitada cando é apropiado	Realiza cambios de unidades mediante factores de conversión de maneira axeitada, tanto de fundamentais como derivadas e expresa o resultado en notación científica se é preciso.		



Táboa 47. Rúbrica, procedementos e instrumentos de avaliación. U2 CAAP 4º de ESO.						
Nivel 1 (baixo)	Nivel 2 (normal) Mínimo para superar a materia	Nivel 3 (notable)	Nivel 4 (excepcional)	Proc. de aval.	Instr. de aval.	
CAAE.8. Define e comprende as características máis importantes dos instrumentos de medida e calcula erros absolutos e relativos				1,2,3	1,4,5	
Non é capaz de enumerar as diferentes características nin de calcular os erros.	Demuestra certo coñecemento aínda que confuso das características e sabe calcular erros absolutos.	Calcula erros absolutos e relativos e define as diferentes características aceptablemente	Define claramente as características poñendo exemplos claros e calcula erros relativos e absolutos expresándoos coas unidades correctas cando corresponde			

### U3. O laboratorio. 5 sesións.

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C clave	Peso
a b f	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.	B1.1. Utilizar correctamente os materiais e os produtos do laboratorio.	CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.	CAA CMCCT	25%
a b f m	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.	B1.2. Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio.	CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.	CSC CMCCT	25%
e f g h	B1.2. Aplicación do método científico aos traballos de laboratorio. B1.3. Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo experimental do laboratorio.	B1.3. Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimentación, na compilación de datos e na análise de resultados.	CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.	CAA CSIEE CD	25%
e f l ñ	B1.6. Análise da aplicación da ciencia en campos profesionais directamente relacionadas con Galicia.	B1.11. Contrastar as posibles aplicacións científicas nos campos profesionais directamente relacionados co seu contorno.	CAAB1.11.1. Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.	CMCCT CCEC	25%



Táboa 48. Rúbrica, procedementos e instrumentos de avaliación. U3 CAAP 4º de ESO.					
Nivel 1 (baixo)	Nivel 2 (normal) Mínimo para superar a materia	Nivel 3 (notable)	Nivel 4 (excepcional)	Proc. de aval.	Instr. de aval.
CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.				1,2,3	1,3
Non recoñece o material de laboratorio nin o utiliza apropiadamente	Recoñece con certa dificultade o material e é capaz de utilizalo con certa axuda visual	Recoñece o material de laboratorio e o clasifica axeitadamente segundo o tipo de magnitude que mide	Recoñece o material e o dispón na mesa con orde e rigor previamente a comezalo procedemento experimental		
CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.				1,2,3	1,3
Non cumpre as medidas de seguridade poñendo en relativo risco o profesor e compañeiros	Recoñece as normas máis importantes do laboratorio pero traballa lento e sen soltura	Recoñece as normas de seguridade e hixiene perfectamente podendo realizar traballo case sen supervisión	Recoñece razoando o porque as diferentes normas e identifica os símbolos estudados, e coñece os protocolos de actuación para cada suposto accidente		
CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.				1,2,4	1,2,3,5
Busca na rede o protocolo de evacuación en caso de incendio e as diferentes medidas de actuación pero no traballo non aparecen de forma clara e ordenada	Busca e explica o protocolo de xeito coherente	Introduce o tema contextualizándoo a un laboratorio, explica medidas de seguridade e protocolos de actuación de forma ordenada e coherente.	Introduce tamén imaxes e elabora unha conclusión adecuada.		
CAAB1.11.1. Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.				1,2	1
Non demostra ter comprendido a información respecto o grao medio de técnico en operacións de laboratorio.	Entende o lido pero non demostra interese nin encontra exemplos de	Le, entende e atopa exemplos pero falta coherencia.	A exposición dos contidos expostos nos anteriores niveis e clara, coherente e completa.		

#### U4. Técnicas experimentais no laboratorio. 9 sesións.

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C clave	Peso
a b f m	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.	B1.2. Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio.	CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.	CSC CMCCT	10%
e f	B1.4. Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.	B1.4. Aplicar as técnicas e o instrumental axeitado para identificar magnitudes.	CAAB1.4.1. Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico.	CAA CMCCT	15%
